

INSTRUCCIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN E AVALIACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

Reunido o día 6 de marzo de 2025 o Tribunal das probas selectivas para a cobertura de prazas pola quenda de promoción interna na categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (animalarios), grupo II, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), atendendo á convocatoria efectuada para a realización do segundo exercicio da fase de oposición mediante Resolución reitoral do 3 de febreiro de 2025 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro), de cara á celebración do citado exercicio,

ACORDA:

Primeiro: Facer públicos os seguintes criterios de avaliación e corrección do segundo exercicio:

- A proba terá carácter obrigatorio e non eliminatorio.
- Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo Tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II das bases da convocatoria (Resolución reitoral do 5 de setembro de 2024; DOG núm. 178, do 16 de setembro).
- O tempo para a súa realización será de 125 minutos e a súa valoración será de 0 a 25 puntos.
- As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, computarán como incorrectas.
- As preguntas incorrectas non puntuán negativamente.

Segundo: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 121 á 125, entrarán pola súa orde a substituír as preguntas comprendidas entre a número 1 e a 120 que puidesen ser anuladas, sobre a base das posibles reclamacións presentadas e aceptadas.

Terceiro: Fixar as seguintes instrucións e aspectos organizativos para o desenvolvemento do exercicio:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 11:00 horas do día 20 de marzo (xoves) de 2025 tendo en conta a orde de actuación alfabética prevista na Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (a partir da letra «H» e seguintes), para o que deberán presentarse coa debida antelación no lugar xa indicado na convocatoria do exercicio: sala de reunións do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA) da USC, situado na Avenida do Mestre Mateo, núm. 41, da cidade de Santiago de Compostela (Campus Vida).
- As persoas aspirantes deberán acudir á realización da proba co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do Tribunal. Así mesmo, deberán vir provistas do correspondente lapis do número 2 e goma de borrar para utilizar durante a celebración do exercicio tipo test.
- A folla de exame coas respostas alternativas será a de uso xeral na USC. Nela deberán ir marcando as respostas ás preguntas do número 1 á 125 (incluíndo, polo tanto, as 5 preguntas de reserva). As opcións de resposta corresponderanse coas letras A, B ou C, que son as tres posibles para cada unha das preguntas formuladas, sendo só unha delas a correcta. Por conseguinte, a resposta que deba marcarse referirase unicamente a unha desas tres letras.
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar o exame e a folla de respostas do mesmo, unha vez finalicen o exercicio.
- A hora de inicio e remate do exercicio indicárase polo Tribunal. Non obstante, as persoas aspirantes que o desexen poderán abandonar a sala de exame unha vez transcorridos os primeiros 10 minutos desde o seu comezo.

- Durante a realización da proba o Tribunal resolverá as dúbidas que poidan ter as persoas aspirantes en relación coas preguntas que figuren no caderno de exame.
- Unha vez finalizado o exercicio as persoas aspirantes poderán levar consigo a folla autocopiativa do formulario de respostas, a título meramente informativo.
- O Tribunal fará pública a táboa coas respostas correctas do exercicio na páxina web das convocatorias de PAS da USC.

Cuarto: Determinar como posibles causas de exclusión do proceso selectivo:

- Non comparecer no lugar e hora indicados ao chamamento para a realización do exercicio.
- A utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico de almacenamento de información ou con capacidade de comunicación dentro da sala de exame. Durante o desenvolvemento do exercicio, deberán permanecer apagados.
- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que así o autorice a presidenta do Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique a finalización do tempo de exame.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou coas persoas aspirantes que participan neste proceso.

Quinto: Reclamacións.

De acordo coa base 6.8 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo Tribunal no caderno de exame.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal
María Beatriz Magariños Ferro

- Taboleiro Electrónico da USC
[Ligazón ao Taboleiro de anuncios](#)
- Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS
[Ligazón ás convocatorias de probas selectivas de PAS](#)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA BEATRIZ MAGARIÑOS FERRO, NIF ***5631**, 07/03/2025 11:16:50.

CSV: 13D2-C2E8-4B5C-AC3D